

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE  
SERVIZOS DE ACOMETIDA*

Dacordo co previsto no artigo artigo 65.2 da Lei 7/85 por remisión expresa do artigo 70.2 do mesmo texto legal, publícase texto integro da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de conexión de acometidas a rede en baixa de auga potable e rede de saneamento de augas residuais, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación o pasado 30.06.2020, exposta ao público por 30 días hábiles, sen alegacións, para a súa entrada en vigor, logo que pasen 15 días hábiles desde a súa publicación integra:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS  
DE CONEXIÓN DE ACOMETIDAS A REDE EN BAIXA DE AUGA POTABLE E REDE DE  
SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL****Artigo 1.—Fundamento e obxecto**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello de O Porriño establece a taxa pola prestación do servizo municipal de autorización e conexión de acometidas á novas redes en baixa de auga potable e de saneamento cando sexan executadas polo concello e con anterioridade a súa adscrición ao Consorcio de augas do Louro, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

**Artigo 2.—Feito imponible**

Constitúe o feito imponible desta taxa a recepción dos servizos que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Porriño: A autorización e conexión de acometidas á novas redes en baixa de auga potable e de saneamento cando sexan executadas polo concello e con anterioridade a súa adscrición ao Consorcio de augas do Louro.



**Artigo 3.—Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten afectadas pola autorización e conexión de acometidas á novas redes en baixa de auga potable e de saneamento cando sexan executadas polo concello e con anterioridade a súa adscrición ao Consorcio de augas do Louro.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte na taxa establecida por razón deste servizo que beneficien ou afecten a ocupantes de vivendas ou locais os propietarios dos devanditos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso as cotas sobre os respectivos beneficiarios.
3. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei Xeral Tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

**Artigo 4.—Base imponible e cota tributaria**

1. Constitúe a base imponible desta taxa, a execución das acometidas de saneamento e abastecemento.
2. Acota tributaria correspondente á autorización de acometida ás redes de abastecemento e saneamento, esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa establecida, segundo o estipulado no artigo 5 seguinte.

**Artigo 5.—Tarifas autorización de conexión****Conexión á rede de saneamento**

Por unidade de execución de acometida, de ata 8 metros de lonxitude:

**Para uso doméstico e asimilado** .....347,54 €/ud

**Para uso non doméstico** .....394,94 €/ud

**Por cada metro adicional de acometida uso doméstico e asimilado** .....43,44 €/metro

**Por cada metro adicional de acometida uso non doméstico** .....49,37 €/metro

Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

**Conexión a rede de abastecemento**

Por unidade de execución de acometida, de ata 6 metros de lonxitude:

**Para uso doméstico e asimilado** .....200,07 €/ud

**Para uso non doméstico** .....314,24 €/ud



Venres, 2 de outubro de 2020

Núm. 191

**Por cada metro adicional de acometida uso doméstico e asimilado** .....33,35 €/metro

**Por cada metro adicional de acometida uso non doméstico** .....52,37 €/metro

Ás tarifas aplicaráselles o IVE correspondente, conforme coa normativa tributaria vixente.

## **Artigo 6. Normas de xestión liquidación, inspección e recadación**

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta Taxa realizarase de conformidade co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

## **Artigo 7. Devindicación**

A taxa pola autorización e execución da acometida aos servizos de abastecemento e saneamento devindicárase, nacente a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose esta iniciada dende que teña lugar o inicio da execución da acometida ás redes de abastecemento e saneamento municipais.

O emprego da rede de sumidoiros públicos para a evacuación de augas residuais será obrigatoria para todos os usuarios domésticos que posúan unha rede de sumidoiros pública a menos de 100 metros, e devindicárase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a conexión á rede.

## **Artigo 8. Réxime sancionador. Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións relacionadas coa taxa regulada na presente Ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable ó efecto.

## **Artigo 9. Beneficios e exencións fiscais**

### **1. Dedución da taxa ás familias numerosas.**

- 1.1. Será de aplicación unha dedución do 50% sobre a taxa cando corresponda aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas que acrediten formalmente tal condición.
- 1.2. A dedución na cota por ter a condición de familia numerosa só poderá obterse na vivenda principal, sen que poida ser concedida nas restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.
- 1.3. O enderezo para o cal se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que está empadroadada a unidade familiar.
- 1.4. Os interesados que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar solicitud no concello, achegando a seguinte documentación: a) Solicitud da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello. b) Fotocopia do NIF da persoa física solicitante que figure como titular no título de familia numerosa. c) Fotocopia compulsada do título de familia numerosa. d) Título de propiedade do inmovible.



Venres, 2 de outubro de 2020

Núm. 191

## 2. Exención por estar en situación de exclusión social.

- 2.1. Os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado poderán solicitar a exención da taxa.
- 2.2. Os interesados que desexen solicitar esta exención da cota da taxa, deberán presentar solicitude no concello, achegando a seguinte documentación: a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello. b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes. c) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo. d) Título de propiedade do inmovible.

## 3. Exención ás entidades de iniciativa social.

- 3.1. Serán beneficiarias da exención da taxa as entidades de iniciativa social.
- 3.2. As entidades interesadas que desexen solicitar esta exención da cota da taxa, deberán presentar solicitude no concello, achegando a seguinte documentación: a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello asinada polo representante da entidade no que manifieste estar inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos da Xunta de Galicia, b) Título de propiedade do inmovible.

4. Se as solicitudes non reúnen os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

## Disposición adicional

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

## Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación no boletín oficial da provincia de Pontevedra.

En O Porriño a 24 de setembro de 2020.

A Alcaldesa – Eva García de la Torre.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: YBS081PL3ET1DWQM

